III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 12 de novembro de 2026 pola que se determinan os servizos mínimos durante a folga convocada polo sindicato Médicos Unidos (SMU), dirixida ao persoal médico, no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, entre os días 16 e 28 de novembro de 2026.

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece como dereito fundamental o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e nas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, polo que se ditan normas para garantir a prestación dos servizos esenciais no ámbito da Comunidade Autónoma (DOG núm. 116, do 20 de xuño), entre os que se encontra a sanidade.

A prestación da asistencia sanitaria non pode verse gravemente afectada polo lexítimo exercicio do dereito de folga, ao estar aquela recoñecida como servizo esencial e prevalente en relación con este. En consecuencia, resulta necesario compatibilizar o exercicio do dereito de folga coa fixación dos servizos mínimos nas áreas e actividades que inciden directamente na xestión e na continuidade da asistencia sanitaria, co obxecto de preservar, en último termo, o dereito á vida, á saúde e á integridade física das persoas usuarias.

O artigo 3 do citado decreto faculta os/as conselleiros/as competentes por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde e ante cada situación de folga, establezan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para a determinación do persoal preciso para a súa prestación.

O sindicato Médicos Unidos (SMU), organización sindical de ámbito estatal, comunicou unha convocatoria de folga de ámbito estatal dirixida ao persoal médico, incluído o persoal en formación polo sistema de residencia, que presta servizos nos centros e institucións sanitarias públicas do Sistema nacional de saúde. Posteriormente, por instancia desta administración, a organización sindical confirmou expresamente que o persoal médico dependente do Servizo Galego de Saúde está incluído no ámbito da devandita convocatoria estatal.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Segundo a comunicación presentada, a folga ten carácter indefinido e desenvolverase por fases sucesivas. A primeira delas iniciarase ás 8.00 horas do día 16 de novembro de 2026 e estenderase ata as 8.00 horas do día 28 de novembro de 2026, e prevese a comunicación posterior das fases seguintes cunha antelación mínima de dez días naturais.

Cómpre ter en consideración que ao longo do ano 2026 se sucederon diversas convocatorias de folga que afectaron o colectivo médico. Aínda que esta convocatoria debe ser valorada de forma autónoma, non se pode descoñecer o impacto acumulado que estas situacións tiveron sobre a actividade asistencial ordinaria, condicionando a capacidade de recuperación das demoras xeradas e incrementando a necesidade de preservar a continuidade dos procesos diagnósticos, terapéuticos e de seguimento clínico que resultan esenciais para a adecuada atención das persoas usuarias.

Ademais, esta convocatoria presenta unha duración significativamente superior á habitual neste tipo de conflitos colectivos. Segundo a comunicación presentada, a primeira fase da folga esténdese entre as 8.00 horas do día 16 de novembro e as 8.00 horas do día 28 de novembro de 2026, e prevese a súa continuidade mediante a comunicación posterior de novas fases. Esta circunstancia incrementa o risco de acumulación de actividade asistencial pendente e dificulta a recuperación posterior da actividade programada.

Así mesmo, a convocatoria desenvólvese nun período en que están activadas as medidas organizativas vinculadas ao Plan de inverno do Sistema público de saúde de Galicia, adoptadas para facer fronte ao incremento estacional da demanda asistencial asociado á maior incidencia de infeccións respiratorias agudas, descompensacións de enfermidades crónicas e incremento dos ingresos hospitalarios. Esta circunstancia determina unha especial necesidade de garantir a continuidade asistencial e a adecuada cobertura dos dispositivos sanitarios máis directamente afectados pola presión asistencial propia desta época do ano.

Neste contexto, a determinación dos servizos mínimos non pode limitarse exclusivamente á cobertura da actividade propia dunha xornada festiva ou á mera atención das situacións de urxencia inmediata, senón que debe garantir tamén a continuidade daqueles procesos asistenciais que, pola súa natureza, gravidade, prioridade clínica ou repercusión sobre o prognóstico dos pacientes, non poden ser interrompidos ou adiados sen menoscabo da protección da saúde.

Resulta especialmente necesario asegurar a atención dos procesos urxentes, oncolóxicos, prioritarios, tempo dependentes e sometidos a garantía de prazo, así como a asis-

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

tencia ás persoas hospitalizadas e aos pacientes que precisan un seguimento asistencial continuado, evitando que a suspensión prolongada da actividade asistencial produza prexuízos de difícil reparación.

Con base no que antecede e logo da audiencia ao comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1

Os servizos mínimos que se fixan resultan imprescindibles para garantir a adecuada cobertura do servizo esencial de asistencia sanitaria, co obxecto de evitar graves prexuízos á cidadanía. Ao mesmo tempo, responden á necesidade de compatibilizar o exercicio do dereito fundamental de folga coa atención á poboación que, baixo ningún concepto, pode quedar desatendida en termos que poñan en risco a súa saúde ou integridade física dadas as características do servizo prestado.

A súa determinación realízase conforme os principios de proporcionalidade, necesidade e adecuación, co fin de compatibilizar o dereito fundamental de folga coa protección da saúde e da integridade física da poboación, que deben preservarse en todo caso dada a natureza esencial do servizo afectado.

Para a determinación das presenzas mínimas téñense en conta a organización asistencial de cada área sanitaria, o volume de actividade, os criterios poboacionais, o grao de dispersión territorial, así como as isócronas de acceso aos distintos dispositivos asistenciais, elementos todos eles determinantes da cobertura asistencial mínima requirida durante as xornadas de folga.

Por iso, non é posible aplicar un patrón único e ríxido para establecer os servizos mínimos sen comprometer a adecuada atención sanitaria á cidadanía. Son as xerencias das áreas sanitarias as que propoñen as presenzas mínimas, baseándose en criterios asistenciais obxectivos que permiten compatibilizar o dereito de folga das persoas traballadoras co dereito da poboación a recibir unha atención sanitaria adecuada.

Neste marco, mantéñense os servizos mínimos necesarios para garantir a asistencia imprescindible ás persoas hospitalizadas, así como a atención urxente e permanente e aqueles procesos asistenciais que non poden ser adiados sen prexuízo para a saúde das persoas usuarias, tendo en conta tanto as necesidades asistenciais inmediatas como a

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

necesidade de preservar a continuidade da asistencia sanitaria e evitar a acumulación de actividade pendente derivada das sucesivas convocatorias de folga desenvolvidas ao longo dos últimos meses.

Os criterios reitores que se establecen a continuación e os servizos mínimos concretos fixados no anexo responden ás circunstancias anteriormente descritas e aos principios de necesidade, proporcionalidade e adecuación, garantindo o mantemento dos servizos sanitarios esenciais afectados pola convocatoria:

I. Persoal da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia–061: o persoal mínimo necesario para a cobertura do 100 % da atención urxente e permanente e das emerxencias xestionadas pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

O servizo que presta a Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ten como misión atender calquera demanda que sexa percibida pola poboación como de resolución urxente. Para iso conta, entre outros profesionais, con persoal médico coordinador, médico asistencial base ambulancia, así como médico asistencial base helicóptero.

Unha redución do persoal médico implica desatender parte das urxencias vitais en materia de saúde que ocorren no territorio galego, con consecuencias directas sobre a mortalidade e a supervivencia da poboación.

Polas características do servizo prestado, a poboación non pode quedar desatendida en circunstancias de urxencia e emerxencia. Ademais, son tarefas específicas e cualificadas que non poden ser suplidas por outro persoal e debe terse en conta que a carga de traballo, ao longo do día, depende do número de chamadas, que non son programables.

II. Persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos: persoal mínimo necesario para a cobertura da subministración de sangue e hemoderivados, a coordinación das doazóns, os transplantes de órganos e os implantes de células e tecidos.

No ámbito da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a adecuada cobertura da subministración de sangue e hemoderivados a todos os centros sanitarios, tanto públicos como privados, do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para evitar que se produzan prexuízos ás persoas doantes e, consecuentemente, ás posibles receptoras. Na mesma medida debe garantirse a coordinación das doazóns, dos transplantes de órganos

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

e dos implantes de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes e da lexislación de aplicación.

III. Persoal dos centros e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde:

A) Persoal médico do ámbito da atención hospitalaria:

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente nos seguintes ámbitos:

• Servizos de urxencias e gardas médicas.

• Quirófanos urxentes para a atención das persoas usuarias que requiran unha intervención cirúrxica inaprazable.

• Salas de partos.

• Laboratorios de urxencias.

Nas áreas sinaladas é imprescindible a cobertura do 100 % da actividade urxente, dado que non é posible prever as necesidades por non ser unha actividade programable e, posto que nestes casos é preciso dar unha resposta asistencial inmediata, debe manterse a cobertura asistencial establecida nos supostos de urxencia.

2. Cobertura do 100 % da actividade nas seguintes áreas:

• Unidades de reanimación.

• Unidades de coidados intensivos, de adultos ou pediátricas, e unidades coronarias, se é o caso.

• Área de diálise.

• Área de tratamentos oncolóxicos.

• Área de transplantes.

• Colonoscopias/urografías ou probas que requiran a preparación previa do doente máis aló do xexún.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

3. Cobertura da actividade cirúrxica das/dos pacientes, tanto hospitalizados/as como ambulatorios/as, respecto das patoloxías que poñan en perigo a súa vida ou agraven o seu estado de saúde, en especial, procesos neoplásicos.

4. Na área de hospitalización, establecerase o número necesario para garantir a atención urxente dos/das pacientes hospitalizados/as e as altas clínicas. Ademais, garantirase a presenza dun/dunha facultativo/a por unidade de hospitalización médica e cirúrxica, co obxectivo de garantir a asistencia ás persoas usuarias ingresadas, calquera que sexa a modalidade da prestación, coa seguinte proporción:

• En unidades con catro ou menos profesionais: 1 efectivo.

• En unidades de cinco a oito profesionais: 2 efectivos.

• En unidades de nove a doce profesionais: 3 efectivos.

• En unidades con trece ou máis profesionais: 4 efectivos.

5. No ámbito de consulta, así como das interconsultas dos/das pacientes hospitalizados/as que o requiran, atenderanse as consideradas como urxentes ou preferentes, ou derivadas de procesos asistenciais garantidos, ao abeiro do Decreto 156/2024, do 27 de maio, polo que se modifica o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, tal e como recolle o seu anexo II, segundo o criterio do persoal facultativo. Así mesmo, atenderanse as consultas inaprazables dos/das pacientes oncolóxicos/as que requiran calquera tipo de tratamento non demorable e dos/das pacientes desprazados/as polo mesmo motivo.

6. Garantirase a realización de determinacións e probas complementarias urxentes (ao abeiro do Decreto 156/2024) e as que se refiren aos/ás pacientes hospitalizados/as que, no criterio do persoal facultativo, sexan necesarias e inaprazables, entendéndose incluídas as dos/das pacientes con neoplasias malignas.

7. Garantirase a dispensación de sangue, medicamentos e produtos sanitarios que, segundo o criterio do persoal facultativo, sexan necesarios.

8. Garantirase a atención necesaria ás persoas pacientes de hospitalización a domicilio e coidados paliativos.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

9. De acordo co exposto nos parágrafos anteriores, garantirase a actividade relacionada con aqueles pacientes con indicación cirúrxica de prioridade 1 ou con indicación de proceso garantido (consulta, cirurxía ou probas), ao abeiro do decreto de tempos máximos, co fin de cumprir os prazos exixidos para cada un destes procesos (P1 <30 días e Procesos garantidos <60 días).

B) Persoal médico do ámbito da atención primaria:

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente.

É imprescindible a cobertura do 100 % da actividade do servizo de urxencias extrahospitalarias (puntos de atención continuada –PAC–), tendo en conta que non se poden prever as necesidades por non tratarse dunha actividade programable e ante a que é preciso dar unha resposta asistencial inmediata, polo que ten que manterse a cobertura asistencial establecida nos supostos de urxencia.

2. No tramo ordinario de atención nos centros de saúde (non PAC) prestarase a asistencia urxente ou inaprazable da unidade ou servizo, calquera que sexa a modalidade da prestación. A prestación sanitaria no horario ordinario é desenvolvida polos profesionais dos servizos e unidades de atención primaria, polo que cómpre definir uns mínimos para garantir a asistencia urxente e o seguimento e tratamento dos procesos inaprazables, tendo en conta as ausencias por permisos autorizados e as continxencias por incapacidade temporal do persoal adscrito ao centro, garantindo a seguinte dotación:

• En centros con catro ou menos médicos de familia: 1 efectivo.

• En centros de cinco a oito médicos de familia: 2 efectivos.

• En centros de nove a doce médicos de familia: 3 efectivos.

• En centros con trece ou máis médicos de familia: 4 efectivos.

Así mesmo, garantirase a atención pediátrica urxente coa presenza dun/dunha pediatra por centro e/ou zona de referencia.

Artigo 2

Durante as xornadas de folga, os servizos mínimos aplicables no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde serán os establecidos no anexo que forma parte integrante desta orde.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

A determinación do persoal necesario para a cobertura dos servizos mínimos corresponderá ás direccións das correspondentes institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, atendendo ás características específicas de cada centro, servizo ou unidade asistencial, ao volume de actividade e á necesidade de garantir a continuidade da atención sanitaria esencial.

A fixación do persoal necesario deberá estar adecuadamente motivada e quedar debidamente documentada no expediente correspondente, deixando constancia dos criterios aplicados.

A xustificación debe constar no expediente de determinación de servizos mínimos e exteriorizarse axeitadamente para o xeral coñecemento do persoal destinatario. Deberá quedar constancia no expediente dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as presenzas mínimas.

A relación do persoal necesario para a cobertura dos servizos mínimos deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios do centro ou entidade con antelación ao comezo da folga.

A designación nominal dos efectivos que deben cubrir os servizos mínimos, que deberá recaer no persoal de xeito rotatorio e conforme criterios obxectivos e non discriminatorios, será determinada pola respectiva institución e notificada aos/ás profesionais designados/as.

O persoal designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga poderá instar a substitución da súa designación por outro/a traballador/a que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

Artigo 3

Os paros e as alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16 do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo (BOE núm. 58, do 9 de marzo).

Artigo 4

O disposto nos artigos precedentes non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e os efectos das peticións que a motiven.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Artigo 5

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías das persoas usuarias dos establecementos sanitarios. Os altercados ou os incidentes que se produzan serán sancionados con base nas normas vixentes.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2026

Antonio Gómez Caamaño
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Provincia da Coruña

Área Sanitaria da Coruña e Cee.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	15	15	9
	Área Cirúrxica	80	35	35
	Área Clínica/Hospitalización	79	20	20
	Servizos centrais	24	9	9

Hospital Virxe da Xunqueira-Cee.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	4	3
	Área Cirúrxica	9	5	5
	Área Clínica/Hospitalización	5	3	2
	Servizos centrais	4	1	1

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	100	54	18
Pediatra	28	9	-

Área Sanitaria de Ferrol.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	8	7	5
	Área Cirúrxica	34	12	12
	Área Clínica/Hospitalización	42	12	12
	Servizos centrais	21	7	6

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	42	23	11
Pediatra	14	2	-

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	14	13	8
	Área Cirúrxica	85	36	36
	Área Clínica/Hospitalización	88	26	25
	Servizos centrais	12	12	11

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Hospital Público da Barbanza.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	5	5	4
	Área Cirúrxica	8	8	8
	Área Clínica/Hospitalización	4	3	2
	Servizos centrais	4	3	2

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	101	41	24
Pediatra	32	3	-

Provincia de Lugo

Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Lucus Augusti.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	13	14	10
	Área Cirúrxica	50	17	17
	Área Clínica/Hospitalización	65	13	12
	Servizos centrais	32	8	7

Hospital Público de Monforte.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	3	3
	Área Cirúrxica	12	11	11
	Área Clínica/Hospitalización	9	4	4
	Servizos centrais	4	2	2

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Hospital Público da Mariña.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	3	3
	Área Cirúrxica	20	11	11
	Área Clínica/Hospitalización	15	4	4
	Servizos centrais	9	2	2

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	89	37	27
Pediatra	18	1	-

Provincia de Ourense

Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	8	7	4
	Área Cirúrxica	52	15	15
	Área Clínica/Hospitalización	94	18	13
	Servizos centrais	65	16	13

Hospital de Verín.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	3	3
	Área Cirúrxica	5	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	6	1	1
	Servizos centrais	5	1	1

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Hospital Público de Valdeorras.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	2	2
	Área Cirúrxica	4	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	5	4	4
	Servizos centrais	3	3	3

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	105	36	25
Pediatra	14	-	-

Provincia de Pontevedra

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario de Pontevedra.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	12	10	7
	Área Cirúrxica	57	22	22
	Área Clínica/Hospitalización	57	16	15
	Servizos centrais	26	7	6

Hospital do Salnés.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	8	7	4
	Área Cirúrxica	14	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	8	2	2
	Servizos centrais	6	2	2

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

– Servizos sanitarios de atención primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	62	26	12
Pediatra	14	1	-

Área Sanitaria de Vigo.

– Servizos sanitarios de atención hospitalaria.

Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	17	17	10
	Área Cirúrxica	81	37	37
	Área Clínica/Hospitalización	103	29	28
	Servizos centrais	44	17	15

– Servizos sanitarios de atención primaria de Vigo.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	100	60	21
Pediatra	34	9	-

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

Localidade	Servizo	Categoría	Mañá	Tarde	Noite
Ourense	Medicina nuclear	Facultativo/a	2	-	-
Santiago	Ciclotrón	Facultativo/a	1	-	1[1]
	UTPR	Facultativo/a	1	-	-
Vigo	Diagnóstico por imaxe unidade móbil	Facultativo/a	1	1[1]	-
	Medicina nuclear-PET	Facultativo/a	1	2	1[1]
	Oncoloxía radioterápica	Facultativo/a	3	1	1[1]
	Radiofísica	Facultativo/a	3	1	-

[1] Localizado

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS).

– Semana do 16 ao 22 de novembro.

	Servizos mínimos																				
	Luns			Martes			Mércores			Xoves			Venres			Sábado			Domingo		
Persoal facultativo	M	T	N	M	T	N	M	T	N	M	T	N	M	T	N	M	T	N	M	T	N
Hematólogo/a	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	1(1)	1(1)	1(1)	1(1)	1(1)	1(1)
Médico/a hemodoazón	9	10	-	10	9	-	10	9	-	10	9	-	8	11	-	8	-	-	-	-	-

[1] Localizado

– Semana do 23 ao 28 de novembro.

	Servizos mínimos														
	Luns			Martes			Mércores			Xoves			Venres		
Persoal facultativo	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite
Hematólogo/a	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)	2	1(1)	1(1)
Médico/a hemodoazón	10	9	-	10	9	-	10	9	-	9	10	-	8	11	-

[1] Localizado

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo			
Médico/a coordinador/a	7+1[1]	7+1[1]	3
Médico/a asistencial base ambulancia	13	13	13
Médico/a asistencial base helicóptero	2[2]	2[2]	-

[1] Aos 7 efectivos na quenda de mañá hai que sumarlle un efectivo en horario das 10.00 ás 16.00 horas de luns a xoves, e en horario das 10.00 ás 17.00 horas o venres e os festivos. Aos 7 efectivos na quenda de tarde hai que sumarlle un efectivo en horario das 16.00 ás 23.00 horas de luns a xoves, e en horario das 17.00 ás 00.00 horas o venres e os festivos.

[2] Están operativos de orto a ocaso.

CVE-DOG: bt6on8s2-d4s8-wkb0-i5n6-unhblgnu2qy3